

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2022-23**

**DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES  
COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

<b>1.</b>	<b>Introducción e contextualización</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Ensinanzas que oferta o Centro</b>	<b>4</b>
<b>3.</b>	<b>Datos do Departamento</b>	<b>5</b>
<b>4.</b>	<b>Actividades do Centro</b>	<b>5</b>
<b>5.</b>	<b>Actividades dos Departamentos</b>	<b>6</b>
-	<b>Departamento de Matemáticas</b>	<b>6</b>
-	<b>Departamento de Dinamización Lingüística</b>	<b>7</b>
-	<b>Departamento de Lingua Galega</b>	<b>9</b>
-	<b>Departamento de Inglés</b>	<b>9</b>
-	<b>Departamento de Tecnoloxía</b>	<b>9</b>
-	<b>Departamento de Plástica</b>	<b>10</b>
-	<b>Departamento de Francés</b>	<b>10</b>
-	<b>Departamento de Xeografía e Historia</b>	<b>11</b>
-	<b>Departamento de Lingua Castelá</b>	<b>12</b>
-	<b>Departamento de Música</b>	<b>12</b>
-	<b>Departamento de Orientación</b>	<b>12</b>
-	<b>Biblioteca escolar</b>	<b>15</b>
-	<b>Departamento de Educación Física</b>	<b>16</b>
-	<b>Departamento de Relixión</b>	<b>16</b>
-	<b>Departamento de Física e Química</b>	<b>17</b>
-	<b>Departamento de Bioloxía e Xeoloxía</b>	<b>17</b>

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O IES Pedra da Aguia é un centro situado no concello coruñés de Camariñas, na localidade de A Ponte do Porto.

A Coruña e Santiago atópanse a unha distancia similar, 70 km, pero as conexións por transporte público son case que inexistentes, polo que se pode afirmar que o Instituto está situado nun entorno rural e marítimo de difícil acceso.

A poboación total do concello apenas supera os 5200 habitantes, cun retroceso demográfico notable nos últimos anos.

As principais actividades económicas están relacionadas co mar (pesca, marisqueo, conserva e acuicultura), aínda que tamén son importantes as remesas dos emigrantes, maiormente instalados en Suíza. Isto supón que vellos e xente moi nova sexan o elemento principal do concello, e que moitas familias teñan que recurrir ás persoas maiores para o coidado dos seus fillos e fillas.

A esta desestruturación forzada das familias engádese un entorno social desfavorable con altas taxas de desemprego, rendas baixas, furtivismo e narcotráfico, o que provoca un gran desinterese e apatía do alumnado.

Neste contexto tan adverso, o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares trata de coordinar as actividades dos diferentes departamentos didácticos para ofrecer aos alumnos un amplo abano de posibilidades para incentivalos no estudo das materias, en particular, e da cultura, en xeral.

Segundo as normas para a realización destas actividades, terá que haber un mínimo dun 60% do alumnado para que estas se poidan desenvolver. A única excepción é a excursión de fin de curso para os alumnado de 4º da ESO. Como contrapartida, este

alumnado non debe desenvolver actividades no último trimestre para centrarse na preparación dos exames finais.

O gran problema radica en que moitas das actividades propostas teñen un custe que as familias non poden asumir , polo que deixan de realizarse. Outro aspecto a ter en conta é a temporalización destas propostas, sempre aproximada e suxeita a axenda das entidades que colaboran na realización das mesmas. Deste xeito, os departamentos só poden facer previsións que se van confirmando durante o desenvolvemento do curso.

En todo caso, unha gran parte das actividades propostas son de balde e sempre se incentiva ao alumnado a que participe en concursos que convocan as diferentes Administracións, dende o propio Concello ata as institucións comunitarias.

## **2. Ensinanzas que oferta o Centro**

No curso 2022/23 están matriculados 161 alumnos/as, agrupados en catro niveis:

<b>NIVEIS</b>	<b>Nº ALUMNOS</b>	<b>GRUPOS</b>
1º ESO	50	2
2º ESO	41	2
3º ESO	44	2
4º ESO	26	1

### **3. DATOS DO DEPARTAMENTO.**

O coordinador deste departamento é Jacobo Santos Solla, que tamén é Xefe de estudos e profesor de Xeografía e Historia. Aínda que se trata dun departamento unipersoal, colaboran con el, o xefe do Departamento de Orientación, José Rodríguez Martínez, e a coordinadora da Biblioteca, Fabiola Cobián Muñoz. Os tres reúnen-se os venres as 11.25 para valorar as actividades que se propoñen desde os distintos departamentos.

### **4. ACTIVIDADES DO CENTRO.**

Unha vez pasada a pandemia do COVID-19, o Centro volve a retomar moitas das actividades complementarias e extraescolares que se facían con anterioridade a mesma e mantén outras que se puideron facer neste tempo coas debidas precaucións.

Participa ou organiza as seguintes actividades:

- Plans Proxecta: Proxecto Terra, Quérote +, Proxecto Ríos e Proxecto de Vida Activa e Saudable.
- Programas de Éxito Educativo: PROA+ (solicitando unha PT), Contratos –Programa Inclúe (IGUALA-T, CONVIVE-T, EMOCIONA-T) e Contratos-Programa Innova (EDUsaúde)
- Programa de froitas frescas, lácteos e castañas (FOGGA) ao longo do curso.
- Programa Mar na Escola (1º ESO) os meses de marzo e abril 2023.
- Programa de concienciación medioambiental en Viérnoles, Cantabria (2º ESO) a mediados de outubro 2022.
- Programa de inmersión lingüística DIGITALWEEK (3º ESO) a mediados de novembro de 2022.
- Programa de Inmersión lingüística SPRINGWEEK (2º ESO) a mediados de maio de 2023

- Viaxe de fin de curso a Londres (4º ESO) a finais de marzo 2023.

A maior parte dos programas desenvolveranse e concretaranse durante o curso, xa que dependen da dispoñibilidade das datas e das persoas para obradoiros ou charlas.

## **5. ACTIVIDADES DOS DEPARTAMENTOS.**

A continuación aparece unha relación de actividades previstas polos departamentos didácticos que, en moitos casos, son moi xenéricas xa que aínda non se poden concretar á hora de facer esta programación

### **Departamento de Matemáticas**

O departamento colabora coa biblioteca. Nela se pretende crear un espazo no que o alumnado poda acceder nos recreos e que disfruten de diferentes actividades: xogos de mesa como o Xadrez, rompecabezas, tangram, tantrix, etc.

As visitas a exposicións, charlas e/ou feiras de contido científico-matemático que o departamento ten previsto están relacionadas coa oferta educativa que ofrece a Casa das ciencias e a Domus, dous museos científicos da cidade de A Coruña. Dada a variedade de actividades que se ofrecen vemos viable realizar a saída con todos os grupos do centro, en colaboración co departamento de actividades extraescolares e complementarias. As datas quedan pendentes de ser confirmadas polo museo.

Outras actividades planeadas polo departamento son:

- Olimpiada de Matemáticas, para 2º da ESO, que ofertamos como en anos anteriores coa condición de que as familias se comprometan a acompañar aos seus fillos á celebración desta proba que normalmente ten lugar en abril ou maio. O Departamento comprométese a facilitar ao alumnado o material necesario para a súa preparación así como a resolver dúbidas.
- Canguro matemático. A competición internacional “Canguro Matemático” é un evento que promove o empoderamento dos estudantes, aumentando a súa autoconfianza. No prazo de 1 hora, os participantes deberán resolver 10 retos de lóxica matemática, usando unha metodoloxía desafiante e divertida, accesible tamén para estudantes

con discapacidade e de maneira especial, a aqueles que teñen medo ás matemáticas. A actividade desenvolverase no Centro e ofrerase a todos os niveis.

## Departamento de Dinamización Lingüística

### PRIMEIRO TRIMESTRE

- Celebración do Samaín. O fin do ano celta.
  - 1) Elaboración do calendario arbóreo/lunar celta e explicación das festas principais da cultura indíxena galaica. Recollida sobre o significado real e simbólico destas datas anuais -e en especial do Samaín- dentro dos ciclos naturais da Terra.
  - 2) Concurso de ilustración sobre temática sobrenatural (tradicional-actual)
  - 3) Celebración dun magosto tradicional: presentación cunha pequena selección de coplas, lendas tradicionais relativas a esta época do ano, exposición do calendario e das obras do concurso de ilustración.

Data: **11 de novembro** Hora: despois do segundo recreo

Lugar: O carballo e a sala de encontro.

### SEGUNDO TRIMESTRE

- *A poesía cantada onte e hoxe.*
  - 1) Día de Rosalía, **24 de febreiro**: elaboración dun programa de radio sobre a poesía galega e a música ao longo do tempo.
    - 1º ESO a poesía nas cantigas tradicionais (Rosalía).
    - 2º ESO a poesía na música actual
    - 3º ESO as cantigas medievais
    - 4º ESO a poesía e a música clásica.
  - 2) Obradoiro de regueifa para 1º e 2º ESO **Semana do 26 de febreiro ao 3 de marzo**
  - 3) Obradoiro de rap para 3º e 4º **Semana do 26 de febreiro ao 3 de marzo**
  - 4) Concurso de repentismo (regueifa-rap). Actuacións en vivo nos recreos durante a **Semana do 6 ao 10 de marzo**

### TERCEIRO TRIMESTRE

- A Soneira lendaria.
  - 1) Deseño dun roteiro multidisciplinar sobre o concello de Camariñas (a idea pode exportarse a outras localidades) que recolla lugares relacionados con seres míticos, lendas (como a do Conde de Altamira), monumentos humanos, monumentos naturais, fauna e flora.
  - 2) Visita do escritor ponteportense Rafael Lema, poeta, investigador e autor de obras sobre historia, tradición. Alumnado de 3º e 4º ESO **5 de maio**
  - 3) Realización do roteiro onde o alumnado participante será o noso guía, explicando as peculiaridades de cada lugar. **12 de maio**

## COLABORACIÓN NA CONMEMORACIÓN DOUTRAS EFEMÉRIDES

- Conmemoración do Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero (25N). Elaboración, lectura e exposición de textos heteroxéneos (colaboración do obradoiro de banda deseñada) sobre a necesaria e beneficiosa complementariedade entre homes e mulleres en diferentes situacións domésticas, profesionais, sociais onde se vexa o equilibrio e a achega de cadaquén ao beneficio común.

A maiores, a través da participación no plan Proxecta Por 365 días de igualdade, xestionaranse diversas actuacións e todas se levarán a cabo utilizando a lingua galega.

- *Día das Letras Galegas (17 de maio)*. Levaranse a cabo actividades de divulgación sobre a figura e a obra do homenaxeado no 2023, Francisco Fernández del Riego.
  1. *Participación no certame literario intercentros convocado polo Concello*. Desde EDLG e o departamento de lingua galega anímase á participación, corrixindo os textos e contribuíndo á selección dos mellores traballos.
  2. *Concurso cultural “Sabías que...”*. Colabórase no concurso cultural dirixido a todo o alumnado do centro para espertar o interese polo saber e a promover a procura de información nas diferentes fontes existentes na biblioteca do centro. O EDLG axuda na elaboración e difusión das bases e na redacción e corrección dos cuestionarios semanais. Celébrase durante os meses de abril e maio.



## **Departamento de Lingua Galega**

- Encontro literario con Manuel Núñez Singala (clube lectura, lecturas pdc, etc.): podería ser en calquera trimestre.
- Encontro literario con Fernando Navarro (lectura de 3º para o segundo trimestre).
- Encontro didáctico con Rogelio Santos Queiruga (mariñeiro influente pesca sustentábel); previsión para o 3º trimestre.
- Asistencia á obra de teatro Nevermore, en Santiago de Compostela, o 10 ou 11 de novembro

## **Departamento de Inglés**

No departamento de Inglés queríamos facer as seguintes actividades:

- Unha saída para ver unha obra de teatro, en principio para o segundo ciclo da ESO coa compañía Eina d'Escola. Dixéronnos que o prezo son de 9€ por alumno e estaría prevista para o 30 de Xaneiro. Aínda temos que concretar se é posible ou non.
- Estamos mirando o do intercambio pero todavía non temos nada fixado
- Están previstas unhas xornadas franco-británicas en colaboración co departamento de Francés nas que se degustarían produtos típicos, previsiblemente no terceiro trimestre.

## **Departamento de Tecnoloxía**

- Ofreceráse ó alumnado participar na dotación de contido á web do centro, en apartados do seu interese.
- Valorarase a realización dunha visita a sistemas onde se vexa a aplicación dos mecanismos para o aproveitamento da enerxía da auga: batáns do Mosquetín, muíño de marea de Cereixo, central hidroeléctrica. Tratarase de coordinar a saída con outro departamento para aproveitar o desprazamento do alumnado.

## **Departamento de Plástica**

1. Actividade de encuadernación de libros en conxunto coa asociación de integración de xente con discapacidade, AFEXDI. Estará enfocada a todos os alumnos que teñan a asignatura de Educación Plástica no centro, 1º, 3º e 4º ESO. O taller explicará os 4 procesos na encuadernación: Dobrado de papel, cosido do papel, lomado e elaboración de tapas.

O taller será de balde e o seu único xeito de financiarse será mediante a venda dos seus propios produtos, polo que tamén levarán algún material para vender durante a elaboración do taller. Tampouco farían falta profesores acompañantes nin a implicación de outros departamentos. A data prevista é o 23 de febreiro de 2023.

2. Visita guiada e didáctica á Fundación CIEC, Centro Internacional de la Estampa Contemporánea, coñecer o CIEC, a súa Colección e exposicións temporais con comentarios das obras expostas, demostracións técnicas, compartir unha xornada cos artistas que traballan nos talleres e ademáis la posibilidade de realizar unha estampa. Actividade enfocada aos alumnos de 4º ESO que cursan a asignatura, un total de 26 alumnos.

3. Exposicións periódicas dos traballos dos alumnos e exposición de fin de curso cunha selección das obras mais interesantes. Cando sexa posible esta exposición terá carácter didáctico co apoio de paneis explicativos sobre os contidos traballados e os procedementos e técnicas utilizadas.

4. Participación con outros departamentos ou coa biblioteca en diferentes actividades.

## **Departamento de Francés**

- Iniciar unha correspondencia por carta e teleconferencia co alumnado de 3º da ESO con estudantes de Delémont (Suiza), localidade que está irmandada co concello de Camariñas. Esta actividade solicitouse para realizarse no marco do programa da Xunta de Galicia, *Edu-exchanges*.
- Iniciar unha correspondencia co alumnado de 4º da ESO entre o noso instituto e un instituto da Bretaña francesa.
- Citas quincenais co alumnado de 4º da ESO para a preparación dos diplomas do B1 de francés.
- Presentación de alumnos de 4º da ESO ao exame oficial B1 de Francés a través da convocatoria ofrecida pola Xunta de Galicia para este curso 2022-2023

- Data a precisar. En colaboración co Departamento de Inglés, realización dunhas Xornadas Gastronómicas Franco-Británicas, na que se cocinarán e se degustarán produtos típicos de Francia e Inglaterra.
- Data a precisar. En colaboración co Departamento de Educación Física, realización duns campionatos de petanca.
- Presentación de alumnos de 4º da ESO ó exame oficial B1 Junior de Francés a través da Alliance Française de A Coruña.

## **Departamento de Xeografía e Historia**

- Participación cos alumnos matriculados en Economía (4º ESO) no programa “Finanzas para Mortais”, que inclúe un par de visitas ao Centro dun especialista en temas financeiros durante o mes de marzo de 2023.
- Viaxe a Bruxelas e Estrasburgo cos alumnos de 4º da ESO a principios do mes de maio de 2023 para ver as institucións comunitarias e falar cos eurodeputados galegos.
- Visita ao Parlamento de Galicia cos alumnos de 3º da ESO na última semana lectiva do mes de decembro.
- Celebración dunha mesa redonda sobre pesca con representantes do sector e personalidades europeas, autonómicas e locais, durante o mes de abril de 2023.
- Colaboración coa Deputación de A Coruña, a través da Oficina de Europa Direct, para a posta en valor dos valores europeos durante todo o curso. Traballarase cos alumnos de 3º e 4º da ESO.
- Participación no Proxecto Terra con alumnos de 3º e 4º da ESO para poñer en valor o patrimonio do municipio e relacionalo cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible. Isto implica a realización dunha serie de obradoiros ao longo do curso, no que especialistas na materia virán ao Centro para orientar ao alumnado neste proxecto.
- Participación durante o mes de maio con alumnos de 4º da ESO na Olimpiada da Historia que organiza a Universidade de Vigo na cidade de Ourense.

## **Departamento de Lingua Castelá**

Dende o departamento de Lingua Castelá e Literatura participárase nas actividades que organice a Biblioteca.

Prevese a asistencia a algunha representación teatral e encontros literarios con algún autor de obras que len durante o curso.

En 3º PDC farase un intercambio de cartas co IES Virxe do Mar de Noia. Tamén unha excursión a Noia. Logo o alumnado de Noia viría a Camariñas e o noso alumnado fará unha ruta guiada polos lugares máis importantes.

## **Departamento de Música**

En Cultura clásica: saída a Lugo

Data: principios de 3ª Avaliación (flexible)

En Música solicítouse un concerto didáctico en Coruña. As datas son 3 de febreiro e 27 de abril

## **Departamento de orientación**

A proposta de actividades extraescolares e complementarias, polas características propias do departamento, ten un carácter provisional e moi dependente das necesidades do alumnado, oferta de actividades dentro dos diferentes ámbitos, e moi suxeita a outras variables difíciles de contemplar a priori. Ao principio do presente curso, a nosa proposta é a seguinte:

### **Obradoiro de Igualdade**

Data aproximada: no 1º Trimestre do curso (novembro)

Impartido por: organización Nos Igualdade

Obxectivos: Informar e sensibilizar a todo o alumnado sobre a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero.

Destinatarias/os: todo o estudantado dos catro cursos da ESO.

### **Obradoiros do Plan Director**

Data aproximada: no 1º Trimestre do curso.

Impartido por: Garda Civil.

Obxectivos: Informar e sensibilizar ao alumnado sobre os seguintes temas:

1º ESO: prevención do uso abusivo das Novas Tecnoloxías. Ciberseguridade.

2º ESO: violencia de xénero.

3º ESO: acoso escolar.

4º ESO: prevención de condutas adictivas.

### **Charlas do Programa Katorce18**

Data aproximada: no 2º Trimestre do curso (marzo)

Impartido por: Asociación ARELA

Obxectivos: Reflexionar e sensibilizar ao alumnado sobre os seguintes temas:

-Con 2º e 4º de ESO: Prevención das condutas infractoras máis salientables na adolescencia, facendo especial fincapé no acoso escolar, as redes sociais, as pelexas e lesións, as ameazas, o maltrato familiar, o consentimento nas relacións

-Con 1º e 4º de ESO sensibilización fronte ao acoso escolar e o mal trato que ás veces pode darse nas aulas.

### **Charla sobre a diversidade afectivo-sexual**

Data aproximada: no 3º Trimestre do curso (abril).

Impartido por: Asociación Arelas.

Obxectivos: Achegar formación e facer visible a diversidade sexual e de xénero e a realidade trans infanto-xuvenil.

Destinatarias/os: todo o estudantado dos catro cursos da ESO.

### **Charla sobre educación viaria**

Data aproximada: no 3º Trimestre do curso (maio).

Impartido por: Asociación AESLEME.

Obxectivos: Sensibilizar sobre a sinistralidade viaria.

Destinatarias/os: 3º ESO.

### **Charlas orientación vocacional**

Data aproximada: no 3º Trimestre do curso (maio).

Impartido por: Departamento de Orientación.

Obxectivos: Facilitar información ao alumnado sobre as diferentes opcións de estudos existentes e elaboración do proxecto de vida.

Destinatarias/os: 4º ESO.

Está prevista a visita a algunha empresa da contorno, a unha Feira de Emprego e a algún centro de Formación Profesional se a pandemia o permite ou, do contrario, farase unha presentación por videoconferencia ao alumnado de 4º ESO dos ciclos formativos de FP que se imparten no IES Fernando Blanco de Cee a cargo do profesorado de dito centro.

### **Participación na celebración de diferentes conmemoracións:**

Día internacional contra a violencia de xénero.

Día mundial da Sida.

Día da Paz.

Día internacional da Muller traballadora.

Etc.

### **Colaboración nos programas de centro:**

Ao igual que no curso pasado, desde o DO participaremos activamente cos distintos programas que anualmente solicita o IES, como as accións do Plan Proxecta Quérote+ que foi coordinado polo Orientador e no que participaron os titores de 3º ESO e profesora de Valores en colaboración coas técnicas dos centros Quérote+ da Xunta de Galicia. Na mesma liña, apoiaremos as accións que se implementan noutros programas como o DAFIS, PROA+ e nos Contratos-Programa Iguála-T, Emoción-T e Convive-T.

En cuantos ás actividades da materia de Iniciativas Emprendedoras (asignadas a este Departamento) temos as seguintes:

Proponse como actividades complementarias as seguintes:

- Visitar algunhas empresas do contorno
- Charla dun empresario ou responsable dunha empresa.
- Coloquio con antigos alumnos que conten a súa experiencia emprendedora.
- Asistir a feiras e foros de emprego organizados en Galicia.

## **Biblioteca escolar**

A programación de actividades da BE para este curso 22-23 revisará o calendario habitual de actividades no noso centro para centrar o seu esforzo naquelas liñas de acción con máis arraigo e conectadas coa promoción da lectura e do hábito lector na nosa comunidade. Para tal fin, atenderemos ás recomendacións da Asesoría de Bibliotecas Escolares.

Deste xeito, durante este curso desenvolveremos as seguintes actividades ou programas:

- Hora de ler: promoción do hábito lector e do apego pola lectura. Unha hora semanal de outubro a maio.
- Pequenas bibliotecas de aula: selección de lecturas para ter de man en caso do alumnado fallar en traer o seu libro de lectura na sesión de Hora de Ler. Tamén libros de consulta.
- Clubs de lectura para cada nivel educativo e de adultos. A programación das lecturas axustarase a diversas temáticas e xéneros literarios; banda deseñada, manga, narrativa, ciencia,...
- Encontros con autores/as e/ou conferencias, posiblemente con Leticia Costas, César Mallorquí ou Care Santos.
- Mochilas viaxeiras de contido científico impuldadas polo CEIDA para conmemorar o Mes da ciencia en Galego nas Bibliotecas. Traballarase co alumnado na materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1ºESO.
- Recomendacións lectoras en formato dixital previa aos períodos vacacionais.
- Formación de usuarios/as.
- Nos recreos, creación dun espazo de clubs de encontro propostos polo propio alumnado, e no que pode participar tamén o profesorado.
- Lectura a voz viva con cans polo día Internacional dos Dereitos dos Animais.

## Departamento de Educación Física

O noso departamento propón as seguintes actividades, algunhas das cales poderanse realizar conxuntamente con outros departamentos (se estes estímalo conveniente).

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>CURSO</b>	<b>OBSERVACIONES</b>
<b>Obradoiros de Balonmán:</b> Colabora Clube Balonmán Camariñas	Todos	<b>1er trimestre</b>
<b>Actividades motrices de animación nos tempos de lecer</b>	Todos	<b>Todo o curso</b>
<b>Cross escolar xogade:</b> Organizado pola S. X. Para o Deporte.	1º-2º	<b>Decembro</b>
<b>Gymkanas escolares:</b> Conxunto de probas multidisciplinares	Todos	<b>Todo o curso; Colaboran todos os departamentos</b>
<b>Camiño de Santiago:</b> Realización dun tramo deste itinerario.	2º e 3º	<b>Todo o curso</b>
<b>Curso de Vela.- “Bautismo no mar”</b> Escola de vela de Camariñas	Todos	<b>3er Trimestre Colabora Concello de Camariñas</b>
<b>Saídas pola contorna do recinto escolar:</b> Co fin de desenvolver actividades de aula.	Todos	<b>TODO O CURSO</b>
<b>Campeonatos de Xogos:</b> Nas instalacións do centro (recreos e lecer)	Todos	<b>TODO O CURSO</b>
<b>Introdución ao deporte da escalada:</b> Visita a un rocódromo con tal fin.	Todos	<b>TODO O CURSO</b>

## Departamento de Relixión

Non se realizarán actividades complementarias e extraescolares no curso 2022/2023.

## Departamento de Física e Química

Mentras se manteña a situación de pandemia polo Covid 19, o Departamento de Física y Química non tiene prevista a realización de actividades complementarias nin extraescolares.



## Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

Xefa de departamento: Fabiola Guadalupe Cobián

<b>Título e descrición de actividade</b>	<b>Lugar/es de realización</b>	<b>Data aproximada</b>
Proxecto Ríos. Iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá en defensa dos nosos ríos. Fundaméntase na realización de inspeccións do estado do río Grande situado na Ponte do Porto. Para 4ºESO.	A Ponte do Porto	1º trimestre (outubro)- 1ªsesión  3ºtrimestre (abril)- 2ªsesión
Día da ciencia en galego, no noso IES. Reivindicar a validez do noso idioma como lingua de transmisión do coñecemento científico e tecnolóxico.	IESP Pedra da Agua	2º trimestre durante os recreos do día escollido
Plantación de especies de árbores autóctonas coa comunidade de montes. Para 1º ESO.	Concello de Camariñas	Primavera (3ºtrimestre)
Posta en marcha do invernadoiro do instituto. Iniciatva para promover unha alimentación e consumo máis responsable e beneficioso para a saúde.. Para PEVS 2º ESO.	IESP Pedra da Agua	Todo o curso